"El proyecto 0447_DIGITAL_EXPO_1_E está cofinanciado por la Unión Europea a través del Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027".

HIOPOS | Advanced Engineering Partner

La tecnología que impulsa tu negocio

Soluciones inteligentes para **cada sector**



AbincoDigital 25 Aniversario | netlandweb .com



Quen visita Galicia sabe que esta terra é moito máis que a súa natureza, as súas festas ou o seu patrimonio arquitectónico. Galicia é sabor. Ou, máis ben, moitos sabores do mar e da terra, das receitas tradicionais e daquelas que innovan grazas á variedade de produtos. Unha das experiencias máis senlleiras de Galicia é, sen dúbida, sentarse á mesa para compartir os seus pratos, descubrindo o pracer dunha longa sobremesa.

Esta vivencia capta cada ano máis visitantes. En 2025, máis de 160.000 persoas procedentes de España visitaron Galicia por motivos relacionados principalmente co turismo gastronómico, e fixeron unhas 764.000 noites, o que supuxo 93,7 millóns de euros. Cifras que se traducen nun gasto medio por persoa e día de 122,50 euros -fronte á media nacional de 65,9 euros-. Unha cantidade que reflicte a importancia estratéxica da gastronomía como recurso turístico: un turismo que gasta máis, que se para máis tempo e que, en resume, deixa máis riqueza no territorio.

Este modelo encaixa coa proposta da Estratexia de Turismo 2030 para Galicia, que busca visitantes que veñan ao noso territorio durante todo o ano, que se repartan por todos os municipios e que saiban apreciar a calidade da experiencia que isto supón. Diversificación e desestacionalización para garantir a sostibilidade, pero tamén que manteñan uns estándares de calidade.

Desde Turismo de Galicia estase a traballar para consolidar este modelo a través de diversas iniciativas e mediante a participación en proxectos que contribúen á difusión e promoción da nosa cultura culinaria. Neste contexto, enmárcase a colaboración con encontros gastronómicos como Xantar, unha cita referencial en Galicia que reúne profesionais e público arredor da riqueza dos produtos, da cociña e da tradición gastronómica.

Todas estas propostas poñen en valor a riqueza da oferta enogastronómica da terra e convidan á poboación propia e foránea a descubrir a súa cociña, permitindo comprobar que visitar Galicia deixa sempre un bo sabor de boca.



VISITA O NOSO

PARQUE INFANTIL

PRAZA JORGE BERMELLO







Un espazo para XOGAR, EXPLORAR, e DIVERTIRSE

HORARIO:

Todos os días desde apertura do centro ata as 22:30h

Segunda planta

PONTE VELLA
Centro Comercial y Ocio

Una invitación a saborear el Porto e Norte de Portugal



El Turismo de Porto e Norte de Portugal invita a descubrir una de las regiones más auténticas, singulares y galardonadas de Europa. Un territorio que se vive con los cinco sentidos: a través de sus sabores, su historia, sus paisajes, su patrimonio y la hospitalidad de sus gentes.

Porto e Norte de Portugal es uno de esos territorios excepcionales donde la belleza no se limita a ser contemplada, sino que invita a ser vivida. Entre el resplandor del Douro, el verde sereno del Minho, la energía cosmopolita de Porto y la imponente tranquilidad de Trás-os-Montes, se descubre una región de contrastes armoniosos: ciudad y campo, río y montaña, tradición y contemporaneidad.

En Porto, el patrimonio se encuentra con la creatividad. Sus calles históricas, los puentes sobre el río y las bodegas donde reposa el Vino de Porto muestran una ciudad que conserva su memoria sin dejar de mirar al futuro. Es un destino de cultura, diseño, gastronomía y sofisticadas experiencias urbanas, reconocido en numerosas ocasiones por su autenticidad y calidad de vida.



El Douro se despliega entre laderas de esquisto, quintas y bodegas, en un paisaje cultural declarado Patrimonio de la Humanidad por la UNESCO. Cada colina, cada río y cada copa cuentan siglos de saber hacer, pasión y excelencia. Es un territorio que se recorre sin prisas, para que su belleza tenga tiempo de permanecer en la memoria.

En el Minho, la naturaleza es generosa y las tradiciones siguen vivas. Ríos, campos, fiestas y romerías dibujan un destino de frescura y hospitalidad, donde el Vinho Verde acompaña la ligereza de la cocina minhota y cada encuentro transmite la calidez de quienes reciben con el corazón.

Trás-os-Montes conserva una autenticidad profunda. Entre montañas, aldeas y amplios horizontes, se descubren vinos de altura, aceites de oliva, quesos, embutidos y dulces que reflejan la fuerza de sus gentes y la sabiduría de generaciones.





En Porto e Norte de Portugal la gastronomía es mucho más que una oferta turística: es identidad, memoria y celebración.





Es una cocina que rinde homenaje al producto y al territorio: pescados y mariscos de la costa, bacalao preparado de infinitas maneras, carnes certificadas, hortalizas del Minho, aceites de oliva del Douro y de Trás-os-Montes, pan, quesos, miel, castañas, embutidos y ahumados, postres con historia y dulces conventuales que han pasado de generación en generación. Desde los mercados y las tabernas tradicionales hasta los restaurantes de referencia y la cocina de autor, muchos de ellos reconocidos por guías y premios internacionales, cada mesa es una invitación a conocer el Norte de Portugal a través de su faceta más generosa y genuina.

Los vinos de Porto e Norte son embajadores naturales de la región. El Vinho dp Porto, símbolo mundial de excelencia, nace en las laderas de esquisto del Duero y encuentra en la ciudad de Porto su hogar histórico, entre bodegas, barcos rabelos y siglos de tradición. Los vinos del Douro, blancos, tintos y fortificados, expresan la esencia de un paisaje cultural declarado Patrimonio de la Humanidad por la UNESCO y de un legado vitivinícola único.

En el Minho, el Vinho Verde aporta frescura, elegancia y viveza, con variedades como Alvarinho, Loureiro, Arinto y Avesso, perfectas para acompañar pescados, mariscos y la ligereza de la cocina minhota. En Trás-os-Montes, los vinos revelan carácter, altura y autenticidad, reflejo de un territorio de montaña, sol y antiguos saberes.

Visitar Porto e Norte de Portugal es recorrer quintas y bodegas galardonadas, conocer a enólogos y productores, participar en catas y vendimias, seguir rutas del vino y descubrir restaurantes donde la gastronomía se transforma en toda una experiencia. Es comprender que cada copa de vino, cada plato servido y cada paisaje contemplado llevan consigo patrimonio, trabajo, tradición y reconocimiento.

¡Porto, Minho, Douro y Trás-os-Montes te invitan a sentarte a la mesa!

Ven a saborear Porto e Norte de Portugal.
¡Un destino galardonado para sentir, saborear y volver!

Ourense elegido como territorio piloto para avanzar en la creación de una red de microdestinos atlánticos



La Diputación de Ourense, a través del INORDE, participa en POST, la estrategia de turismo policéntrico del Espacio Atlántico para avanzar en un turismo mejor distribuido en el territorio

Si hay un destino que ejemplifica mejor que ninguno la realidad de un territorio de enorme potencial turístico aún desconocido esa es Ourense. De ahí el interés de la Diputación de Ourense, a través del INORDE, en participar en el Proyecto europeo POST para el desarrollo de la Estrategia de Turismo Policéntrico Sostenible, cofinanciado por el programa Interreg Espacio Atlántico. Un proyecto que parte de que el territorio atlántico no necesita más turismo, sino un turismo mejor repartido, transformando la concentración de visitantes en destinos estrella en una red de microdestinos conectados que ofrecen experiencias complementarias y se reparten el valor que genera la actividad. Es decir, la estrategia busca evolucionar hacia un turismo entre lugares.

Ourense, territorio piloto

Con un presupuesto de 1,55 millones de euros, el 75 % procedente de fondos FEDER, el proyecto ha reunido a diez socios de España, Portugal, Francia e Irlanda, entre los que cuenta Diputación e INORDE. Esta participación ha sido clave para que la provincia ourensana haya sido uno de los territorios donde se ha probado y ajustado el modelo, junto al norte de Portugal, la región de Dún Laoghaire–Rathdown, en el entorno de Dublín, y el oeste de Charente–Pays du Cognac, en Francia.

Y es que Ourense reúne lo que la estrategia identifica como potencial infrautilizado: paisajes fluviales y de montaña, termalismo, cuatro denominaciones de origen vitivinícolas, patrimonio monástico y una red de geodestinos que ya trabaja desde la cooperación entre concellos.

La identidad del territorio, el primer motivo para viajar

Además, la estrategia incorpora como objetivo el llamado turismo de autor, signature tourism: experiencias casi artesanales, con la firma reconocible de quien las diseña y con la comunidad local directamente implicada, una tipología que encaja perfectamente con lo que ya hace INORDE con las ecoexperiencias y los ecoalojamientos, combinando alojamientos premium con experiencias enológicas, apícolas, senderismo u otras actividades complementarias impartidas por los propios productores o profesionales el territorio, priorizándose así un turismo más sostenible.

Propuestas de este tipo son ejemplo de lo que propone POST, que este año culmina con el objetivo de generar herramientas que combatan la estacionalidad y la saturación, convirtiendo la identidad del territorio en el motivo del viaje.



La palabra clave: conectividad

Refuerzo y diversificación de la oferta; movilidad blanda entre costa e interior; transformación digital que de visibilidad a los pequeños productores; cooperación y gobernanza compartida; adaptación a las nuevas demandas de autenticidad, bienestar y viaje lento, y gestión de amenazas globales como el cambio climático o el reto demográfico son los ejes en torno a los que se ha desarrollado esta Estrategia de Turismo Policéntrico, adaptada a cada territorio participante a lo largo de las tres anualidades en que se ha estado desarrollando.

Pero lo más importante que han extraído los territorios piloto de este Proyecto es la necesidad de conectarse entre sí a través de campañas compartidas, coordinación entre administraciones e iniciativas conjuntas que favorecen a todos los agentes implicados. POST plantea, además, cuatro paquetes de medidas de alcance Atlántico que permitan evaluar el impacto de este proyecto: una red territorial accesible, rutas temáticas, campañas conjuntas de marketing digital y formación turística.

El reto, ahora, es que el modelo sobreviva al calendario del proyecto europeo. Y ahí una vez más, Ourense lleva la iniciativa con la comercialización de proyectos que reúnen todas las características para ofrecer turismo entre lugares, como la propuesta enoturística que une Ribeira Sacra y Valdeorras a lo largo del Sil.

La estrategia completa se encuentra disponible en https://post-interreg-atlantico.eu/strategy





Ribeira Sacra y Valdeorras comparten el Sil y el peso de la viticultura en un territorio lleno de paisajes e historia. Pero ambos destinos no se encuentran en el mismo punto de desarrollo turístico: mientras que la Ribeira Sacra, se ha posicionado en el imaginario del viajero como un microdestino enoturístico consolidado y reconocible por sus viñedos en bancales sobre los cañones; Valdeorras sigue siendo un destino turístico con un potencial enorme pero aún poco desarrollado en el conjunto del territorio.

Con estos mimbres, y con la participación de un equipo técnico de la Universidad de Vigo, se ha puesto en marcha la iniciativa de comercialización Sil Wine Experience & More, desarrollado en el marco del proyecto POST, se alza como un ejemplo perfecto de creación de red de microdestinos en los que podemos ver las ventajas de promover la paquetización de un territorio con la lógica policéntrica: el destino posicionado actúa como puerta de entrada y el emergente gana visibilidad y pernoctaciones.

Comercializado por la agencia Yutravel, el producto se organiza en escapadas de tres, cuatro y cinco días, en modalidad individual o para grupos que incluye alojamiento, restauración seleccionada, visitas y catas en bodegas, guía, spa y actividades vinculadas al territorio, entre las que no pueden faltar el enoturismo, la naturaleza, el patrimonio, la gastronomía y, por supuesto, el bienestar y slow travel.

Más información: silbyyu.com.

O impulso das pequenas producións en Ourense: o éxito do Centro Colaborativo de Cantoña





O desenvolvemento rural e a sostibilidade económica da provincia de Ourense atoparon un piar estratéxico na antiga estación de ferrocarril de Paderne de Allariz. Grazas á xestión da Deputación de Ourense, a través do Inorde, e a participación activa da súa comunidade de usuarias e usuarios. Este espazo transformouse no **Centro Colaborativo de Cantoña**, un moderno obrador compartido deseñado para que os pequenos produtores locais poidan procesar, envasar e dar un valor engadido ás súas colleitas con todas as garantías e o correspondente rexistro sanitario.

Un impulso clave: Conservas vexetais e zumes

Un dos grandes atractivos deste centro de transformación son as súas liñas de produción profesional, ideadas para valorizar as pequenas producciónS. O complexo destaca pola súa **liña de elaboración de conservas vexetais e zumes**, que permite aos usuarios fabricar purés, confituras, vexetais envasados e zumes naturais entre outras moitas elaboracións. Ademais, o centro conta con equipamentos específicos para o tratamento do mel e produtos apícolas, así como para o deshidratado, abríndolles as portas do mercado formal.

A voz dos protagonistas: "Poder pechar o ciclo"

O impacto real do centro midese a través das historias de quen xa traballa nel. **Natalia Gallego**, enxeñeira agrícola con horta en Cartelle e viñedos na Ribeira Sacra, destaca o cambio estrutural que supón esta instalación: "A raíz da covid decidín dar o paso de profesionalizarme (...). Somos a maioría moi pequenos produtores que, de outro xeito, se isto non fora unha realidade, seguramente non poderíamos permitirnos sacar os elaborados".

Ao cargo do asesoramento técnico atópanse profesionais experimentadas como **Silvia Garriga**, da firma conserveira Nela, quen pon en valor a Cantoña como un banco de probas ideal para o emprendemento: "Está moi ben para coñecer as máquinas que che poden cumprir cando montes o teu negocio. Se tivésemos nós o de Cantoña cando empezamos, teríamos tomado decisións basadas na experiencia ao montar o noso".

Formación recente para capacitar aos produtores

Para poder facer uso destas instalacións compartidas, o Inorde, en colaboración con AGACAL, mantén unha intensa actividade formativa. Recentemente, desenvolveuse unha nova programación con quendas prácticas para obter a condición de usuarios.


Os últimos cursos presenciais centráronse en tres piares obrigatorios para garantir a calidade alimentaria:

- **Trazabilidade**
- **Manexo de equipos**
- **Limpeza e desinfección das instalacións**

A maiores, completouse a axenda académica con sesións sobre Prevención de Riscos Laborais e modalidades de teleformación en hixiene.

A través da páxina web, e dos perfís oficiais do Inorde, a institución amosa periodicamente o avance destas quendas formativas e os servizos de acompañamento, consolidando a Cantoña coma un motor de innovación social e posta en valor do rural ourensán, posible tamén gracias o compromiso da equipa do organismo provincial e a comunidade creada.

Rutas que rexeneran: a Guía das Mouras cobra vida no outono





Catorce saídas guiadas para descubrir o patrimonio do Xeodestino Terra de Celanova—Serra do Xurés fóra de tempada.

Se a Guía das Mouras lanzada o ano pasado nos permitía descubrir diferentes itinerarios de sendeirismo neste xeodestino, este ano as Rutas que Rexeneran consolidáronse como unha das accións estrela da tempada, demostrando que o turismo pode ser motor de dinamización e instrumento de conservación.

E isto foi posible grazas ás 14 saídas guiadas que a Deputación de Ourense, a través do Inorde e os concellos do xeodestino, co apoio da Axencia Turismo de Galicia, impulsaron este ano, animando aos participantes a descubrir o territorio no outono a través de completas experiencias compartidas. A novidade desta iniciativa radicaba precisamente no seu carácter didáctico, xa que se realizaron con acompañamento especializado que permitiu descubrir castros, vestixios romanos, mosteiros e arquitectura tradicional e paisaxes extraordinarias.

Cada ruta combinaba así natureza, gastronomía, cultura e sustentabilidade: non se trataba só de trasladarnos aos 2000 anos de historia desde o Centro de Interpretación Aquae Querquennae (Bande), as profundas fragas e montes de San Xés (Lobeira) aos petróglifos de Freixo , ás augas termais do río Caldo e aldeas do Xurés (Lobios), ou aos muíños do Gorgua (Padrenda), senón de escoitar as historias, os oficios e as tradicións que explican eses lugares, como foi o caso da "Ruta dos Fornos de Bangueses" en Verea, e a do pan e antigos muíños en Entrimo.. Ese patrimonio inmaterial, o que non figura nos paneis, é o que os participantes poden descubrir no caso da Ruta Etnográfica de A Bola- Pé do Monte de San Cibrao, a Serra do Val e a Canle de Escudeiros (Gomesende), a "Ruta do Gato" (Cartelle) ou a Ruta Arqueolóxica ata Salgueiro (Muíños), ou as que destacan pola inmersión natural como a "Ruta do Río Deva" (Quintela de Leirado) ou en Ramirás, a "Ruta das Ermidas"

Ademais, aqueles concellos con ecoexperiencias en marcha tiveron a oportunidade de incorporalas ás andainas, como a degustación de mel artesanal na Merca, tras percorrer a canle do Ruca, ou a cata de queixos tradicionais en Celanova, despois de visitar Castroamo e Vianova dos Infantes.

Segue a actualidade deste xeodestino en terracelanovaserraxures.com

A PEROXA

Natureza, patrimonio e tradición







CONCELLO DA PEROXA

Praza do Concello, 83
988 20 66 14
concelloaperoxa@eidolocal.es



Concello de Paderne de Allariz



Rioseco, 7 - 32111 PADERNE (Ourense)
Telf.: 988 293 000
e-mail:paderne@concellodepaderne.net
www.padernedeallariz.es

A Arnoia Terra do Ribeiro: onde a auga reza, o viño fala e a pedra cala

A Arnoia, situada no corazón do Ribeiro, é un xeodestino que convida a realizar relaxantes escapadas, a desfrutar do turismo de saúde coas súas augas termais, da diversidade de mananciais, de paseos polos seus viñedos, polo seu río e polos seus camiños con historia.

A Arnoia é descanso, auga e descubrimento de espazos singulares e sendeiros en calquera época do ano. Sendeiros que nos levan á beira do río Arnoia, seguindo os pasos dos peregrinos polo Camiño Miñoto Ribeiro. Un percorrido para descubrir a nosa herdanza prehistórica, as nosas fontes, muíños, capelas, A Peneda, o Coto de Novelle, casas con heráldica e unha contorna que completa o tempo de lecer nas casas de turismo rural, no hotel e no balneario.


Unha excelente gastronomía de horta, co pemento como protagonista, un produto de características únicas polo seu sabor, textura e cor, que se enxalza na súa festa cada primeiro fin de semana do mes de agosto.

Este vindeiro ano **2027** enxalzaremos este manxar na FESTA DO PEMENTO, declarada de Interese Turístico, que xa vai pola súa **48ª** edición e que se celebrará os días **30 e 31 de xullo e o 1 de agosto**.


Unha A Arnoia dos viños, unha experiencia enoturística na que en cada recuncho atopamos unha adega. Así queda reflectido na terra fértil e nos seus viñedos espallados polos seus dous vales, o de San Mauro e o de San Vicente. Unha cultura que sedimenta o coñecemento do proceso de elaboración do viño a través de xeracións familiares, con caldos recoñecidos internacionalmente, un froito prezado que as novas xeracións están chamadas a recuperar.



Como di a tradición oral do noso pobo, coñecer A Arnoia é percorrer os seus 21 núcleos rurais, dende A Reza ata O Rial. Cada un coas súas peculiaridades e coa hospitalidade dos seus veciños, ofrece un tempo de lecer en cada estación do ano. Unha A Arnoia diferente en cada época, unha A Arnoia con historia.







Pemento da ARNOIA
Indicación xeográfica protexida

CONCELLO DE
A ARNOIA

XLVIII

FESTA DO PEMENTO DE ARNOIA



30, 31 XULLO - 1 DE AGOSTO

2027

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO

AIRÓA

MESÓN A LAREIRA
A Reza · Arnoia

A QUEIXEIRA

CONCELLO DE
A ARNOIA

XUNTA DE GALICIA

OU OURENSE

galicia

DEPUTACIÓN OURENSE

//ABANCA

inorde
turismo Ourense



Trevinca–Valdeorras: rutas para contar o que non se ve

Itinerarios con alma para rexenerar o patrimonio do xeodestino

A iniciativa Rutas que Rexeneran da Deputación de Ourense a través do INORDE e os concellos do xeodestino, co apoio da Axencia de Turismo de Galicia permitiu seguir avanzando en iniciativas de desestacionalización en Trevinca-Valdeorras. Programáronse unha serie de saídas guiadas na contorna dos nove municipios para descubrirlles aos participantes "sendeiros con alma", itinerarios que contan historias, transmiten valores e deixan pegada, convertendo cada ruta nunha experiencia única e transformadora.



E é que hai historias que hai que contalas in situ como a da antiga mina de ouro de Barreiras de Córgomo, en Vilamartín; a influencia romana que se pode descubrir en moitos dos lugares que se percorren entre Petín e A Rúa ou a espectacularidade da Serra da Enciña da Lastra, un dos parques naturais galegos menos coñecidos xunto á cata de mel local.

A visita interpretativa a Castrillón, en Larouco con posterior degustación nas covas de Seadur; a ruta de Tuxe ás Ermidas, no Bolo; os Sendeiros Naturais da Veiga; un paseo polo Camiño de Inverno ao seu paso por Carballeda de Valdeorras ou a ruta do río Galir, no Barco, que rematou cunha cata en adega, completaron un programa que combinaba cultura, gastronomía e patrimonio.

E é que hai historias que non están en ningún monumento: o oficio mineiro, a pegada de Roma, os sabores da terra, o traballo do mel ou da viticultura cobra outro sentido cando a ruta está interpretada.

Segue a actualidade deste xeodestino en valdeorras.travel e non perdas o "Grand Tour de Valdeorras- Camiño das viñas e as estrelas" que ofrece combinación para descubrir este territorio e os aloxamentos de referencia.

https://www.escapadarural.com/blog/grand-tour-trevinca-valdeorras/





Rías Baixas, metas que se saborean

E destinos que se descobren a través dos sentidos. Nas Rías Baixas, cada experiencia é unha oportunidade para chegar máis lonxe, descubrir novos sabores e gozar dunha gastronomía que converte cada parada nunha meta inesquecible.

Porque aquí, na provincia de Pontevedra, a gastronomía tamén forma parte da aventura. Despois dunha ruta de sendeirismo, dunha xornada de surf ou dun percorrido en bicicleta entre paisaxes extraordinarias, non hai mellor recompensa que sentar á mesa e descubrir os sabores auténticos da nosa terra.

O mexillón das bateas, as ameixas de Carril, as vieiras e o peixe fresco das nosas lonxas conviven coa tenrura da carne galega, cos queixos artesanais, co mel e cos produtos das nosas hortas. Unha riqueza gastronómica que reflicte a diversidade do territorio e que atopa nos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas o acompañamento perfecto para brindar por cada experiencia vivida.

E porque os mellores sabores tamén están feitos para percorrer camiños, Turismo Rías Baixas impulsou a campaña gastronómica «O Sabor das Rías Baixas», unha iniciativa de food trucks que leva os produtos e as elaboracións máis representativas da provincia aos seus 61 concellos. Unha proposta que achega a gastronomía local á cidadanía e ás persoas visitantes, poñendo en valor os produtos de proximidade, a tradición culinaria e a creatividade da nosa cociña a través de pequenas degustacións cheas de identidade.

Desde as tabernas mariñeiras ata os restaurantes de vangarda, pasando polas festas gastronómicas e os mercados tradicionais, cada recuncho das Rías Baixas ofrece unha nova oportunidade para descubrir, compartir e saborear. Porque a nosa gastronomía é moito máis que unha recompensa ao final do camiño: é unha experiencia que merece converterse na propia meta.

Rías Baixas: a túa meta, o teu destino.

O Carballiño–Ribeiro, territorio gastronómico da provincia ourensana por excelencia

Galicia ten máis de 300 celebracións gastronómicas cada ano. De aí que unha das feiras máis importantes do Turismo Gastronómico se celebre en Ourense, como é o popularmente coñecido Xantar.

Por relevancia, o territorio Carballiño-Ribeiro está entre os 3 primeiros destinos gastronómicos de Galicia, por número de festas e visitantes, sendo a Festa do Pulpo do Carballiño a terceira con máis visitantes en toda España e a segunda de Galicia.

Dende o Entroido ata case chegado o Nadal, as nosas festas gastronómicas engloban dende pan, carne, polbo e viño da D.O. Ribeiro, ata produtos tan singulares como o pemento, anguía, cabra e codorniz. A nosa terra, rica ademais en produtos como mel, cañas, bica, lácteos, rosquillas, porco celta, aceite, castañas e setas, engade cada ano máis festas gastronómicas ao listado do que xa podemos disfrutar nas vindeiras datas:

- 28 de novembro, XXXVIII Festa do Cabalo do Puzo do Lago (Maside).
- 12 de decembro, V Festa do Viño de San Amaro.

En 2027 xa están programadas:

- 14 de febreiro, XXXII Festa da Cachucha no Carballiño.
- 30 de abril a 2 de maio, LXIV Feira do Viño do Ribeiro en Ribadavia.
- 15 de maio, V Festa do Viño de Beade
- 29 de maio, 1809 A Batalla de Boborás (con xantar popular).
- 5 e 6 de xuño, XXI Festa do Viño de Cenlle.
- 3 e 4 de xullo, XXXIV Festa do Pan de Cea.
- 24 de xullo, XX Festa da Cabra de Anllo (San Amaro).
- 25 de xullo, XXVI Festa do Chuletón de Garabás (Maside).
- 30 de xullo a 1 de agosto, XLVIII Festa do Pemento de Arnoia.
- 1 de agosto, XXVI Festa do Cabalo e Feira do Tellado (O Irixo).
- 4 e 5 de agosto, XXXII Festa da Anguía de Castrelo de Miño.
- 8 de agosto, LXV Festa do Pulpo do Carballiño.
- 13 de agosto, XXI Festa Mexicana de Avión.
- 14 de agosto, XVII Festa do Xarrete e Xarrote de Macendo (Castrelo de Miño).
- 14 a 16 de agosto, XXIII Festa da Codorniz en Cortiñas (Castrelo de Miño).
- 21 e 22 de agosto, LVI Festa da Empanada de Mesego.
- 29 de agosto, XXXVI Festa da Vendima de Leiro.
- 4 de setembro, VI Festival Celta de San Cibrán de Lás (San Amaro).
- 9 de outubro, IX Festa de San Francisco de Ourantes (Punxín).
- 10 de outubro, X Festa dos Callos de Piñor.
- 23 de outubro, Festa da Bica de Melón.

En definitiva, festas gastronómicas para elixir, entre os 21 concellos que conforman o noso territorio, e degustar a infinidade de produtos que a nosa terra nos proporciona para o noso disfrute.

GDR-12
Asociación de Desenvolvemento Rural
Carballiño-Ribeiro

Concello da Arnoia · Concello de Avión · Concello de Beade · Concello de Bearíz · Concello de Boborás · Concello de Carballeda de Avia · Concello do Carballiño · Concello de Castrelo de Miño · Concello de Cenlle · Concello de Cortegada · Concello do Irixo

Concello de Leiro · Concello de Maside · Concello de Melón · Concello de Padrenda · Concello de Piñor · Concello de Pontedeva · Concello de Ribadavia · Concello de Punxín · Concello de San Amaro · Concello de San Cristovo de Cea

XUNTA DE GALICIA · Cofinanciado pola Unión Europea · Ribeiro DENOMINACIÓN DE ORIXE · Xacobeo 2027

TERRITORIO GASTRONÓMICO



Asociación de Desenvolvemento Rural
Carballiño-Ribeiro

Ribeira Sacra, un viaje a través de sus sabores









La gastronomía de Ribeira Sacra es un reflejo de su territorio, de sus tradiciones y de una forma de vida estrechamente vinculada a la tierra. Sus productos locales, recetas tradicionales y vinos convierten este destino en un lugar privilegiado para disfrutar del turismo gastronómico.

Uno de los grandes atractivos de la Ribeira Sacra es el enoturismo. La Denominación de Origen Ribeira Sacra ofrece la oportunidad de descubrir vinos singulares, fruto de una viticultura heroica que desafía las pronunciadas pendientes de los cañones del Sil y las riberas del Miño. A esta tradición vitivinícola profundamente arraigada se suma una oferta enoturística cada vez más completa y cuidada, con bodegas que han adaptado y mejorado sus instalaciones y servicios para recibir al visitante y ofrecer experiencias que van mucho más allá de una cata convencional o una visita guiada. Recorridos entre viñedos, propuestas gastronómicas, actividades al aire libre y experiencias personalizadas permiten descubrir el territorio, su paisaje y su cultura del vino de una forma cercana, auténtica y vivencial.



La riqueza gastronómica del territorio va mucho más allá del vino. Las carnes de calidad, los embutidos artesanos, los quesos, la miel y el aceite forman parte de una despensa que destaca por su autenticidad. A ellos se suman productos de temporada como las castañas, las setas y las cerezas, protagonistas de numerosas elaboraciones tradicionales.

La oferta gastronómica de la Ribeira Sacra es cada vez más amplia y diversa, con propuestas que combinan tradición e innovación. Nuevos proyectos de cocina contemporánea conviven con establecimientos que mantienen vivas las recetas transmitidas de generación en generación, unidos por una misma filosofía: el respeto por el producto local y la puesta en valor de los sabores del territorio. En el apartado dulce, las tradicionales bicas ocupan un lugar destacado, especialmente cuando se acompañan de aguardientes y licores de la zona.

Restaurantes, bodegas, ferias gastronómicas y celebraciones populares ofrecen al visitante múltiples oportunidades para acercarse a esta cultura culinaria y conocer a quienes mantienen vivas sus tradiciones.

Descubrir Ribeira Sacra a través de su gastronomía supone disfrutar de una experiencia en la que los sabores, el paisaje y la hospitalidad se complementan, convirtiendo cada visita en una oportunidad para conocer la identidad de este geodestino.



Outono no Xeodestino Ribeiro Carballiño

O momento perfecto, no lugar axeitado

Tras o alegre espertar da primavera e a explosiva festividade do verán, o outono parecía encamiñarnos a un proceso de lento e triste escurecemento, campo aboado para o desánimo.



Mais soupo repoñerse

Chega unha nova gama de cores que espertan a nosa imaxinación. Nesta terra presumimos do verde, mais logo quedamos prendidos con ocres, dourados, laranxas ou vivos granates. As árbores alfombran o camiño, acompañando *"os nosos pasos co son das súas follas secas"*, fermosa aliteración machadiana que reconforta o espírito. Hai algo moi especial na natureza outonal, algo atávico: a quen non lle gusta acariciar as noces dun tarro?

Por todo isto, o outono é o noso momento

Tras a vendima, respiramos paz entre fermosísimos viñedos. A temperatura é ideal. As mañás son frescas, mais o sol as suaviza lentamente. É o momento de percorrer camiños centenarios entre igrexas románicas e edificios históricos. Serpentear xunto a uns ríos que pouco a pouco comezan a incrementar o seu caudal.

O outono é unha estación para gozar. Temos festas moi enraizadas, o viño do Ribeiro está no centro das conversas e a gastronomía ofrece a súa mellor versión.

Nesto último teñen un papel principal as Sabedoras, cociñeiras memorables do Ribeiro Carballiño. Gardiás dun saber ancestral capaz de aproveitar coma ninguén os produtos básicos de tempada para convertelos nuns manxares que desafían o tempo e as modas.

Sabores e sitios aos que nos gusta volver. Porque outonal tamén achega conceptos coma o da madurez ou esa beleza serena que a pátina do tempo deixa sobre elementos doutras épocas.

Por todo isto outro, somos o lugar axeitado.

E se chove, que chova! Estamos no corazón termal de Galicia. Podes contemplar como o clima se transforma, mentres gozas do acolledor calor das nosas termas ou balnearios.

A reflexión final é clara, hai ocasións nas que, de forma máxica, todo encaixa. Esta é unha delas. Outono no Ribeiro Carballiño: o momento perfecto, no lugar axeitado.

ribeiro carballiño

Rafa Centeno pon a Sober no mapa das Estrelas Michelin





O chef Rafa Centeno (Lugo, 1974) protagonizou un fito histórico para a gastronomía galega e, especialmente, para a provincia de Lugo ao conseguir en novembro de 2025 unha Estrela Michelin para o seu restaurante Vértigo, situado nas instalacións da adega Regina Viarum, no Concello de Sober.



Este recoñecemento converteu Vértigo no primeiro restaurante da historia da provincia de Lugo en conseguir este recoñecemento. O galardón supuxo tamén un fito persoal para o cociñeiro lucense, que xa contaba cunha Estrela Michelin no seu restaurante Maruja Limón, en Vigo, desde o ano 2010.

O Restaurante Vértigo está situado na adega Regina Viarum, en plena Ribeira Sacra, con vistas ao Canón do Sil, e aposta por unha cociña baseada nos produtos de proximidade e de tempada.



A estrela de Vértigo, o proxecto máis persoal de Rafa Centeo, non só borra a Lugo da lista de provincias sen distinción Michelin, senón que sitúa ao enoturismo galego no primeiro nivel nacional, onde apenas seis adegas en toda España contan cun restaurante estrela nas súas instalacións. Con isto, Regina Viarum consolídase como un dos grandes referentes enoturísticos do noroeste peninsular.

O Concello de Sober elixiu ao cociñeiro como pregoeiro da súa cita enoturística máis importante, a Feira do Viño de Amandi. Así, Rafa Centeno pronunciou o pregón o domingo 29 de marzo, nun acto no que reivindicou o valor dos viños de Amandi como parte da identidade, a tradición e a cultura do territorio. Durante a súa intervención destacou que estes viños representan «unha maneira de vivir e entender o mundo».

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, salienta especialmente a vinculación do chef co municipio, onde reside actualmente, e o feito de ter conseguido para Lugo a súa primeira Estrela Michelin. Grazas á súa cociña "agora Sober tamén se atopa no mapa das Estrelas Michelin, co conseguinte valor engadido que isto ten para a nosa localidade", tal e como explica o rexedor.





A vila, convertida en referencia pola celebración do seu Corpus Christi, declarada festa de Interese Turístico Internacional polas súas espectaculares alfombras florais.

O río Tea articula o territorio municipal con máis de vinte quilómetros de sendas naturais que conducen a espazos como a Praia fluvial da Freixa, ou ás históricas pontes como a dos Remedios, As Partidas ou o Cabalón.

O concello de Ponteareas conta cun atractivo patrimonio natural como a Pena dos Namorados e a Pena do Equilibrio situados no monte de A Picaraña ou o miradoiro de San Cibrán. Dentro do patrimonio histórico e artísticos podemos sinalar o Castro de Troña, a igrexa románica de San Pedro de Angoares e o convento de San Diego de Canedo, entre outros.

Berce de músicos como Reveriano Soutullo ou Rogelio Groba, Ponteareas combina identidade, paisaxe, cultura e unha recoñecida gastronomía coas súas afamadas rosquillas.





A Caniza espérate coa mesa posta!

Festa do Xamón 2027 • 15 de agosto • 61ª edición

Cada 15 de agosto hai unha cita que sabe a Galicia: a Festa do Xamón de A Caniza!



Prepárate para vivir unha xornada inesquecible na que o sabor, a tradición, a música e a festa se dan a man nun dos grandes encontros gastronómicos de Galicia, declarado Festa de Interese Turístico.

A Carballeira do Cacharado énchese de vida para render homenaxe ao protagonista indiscutible: o exquisito xamón de A Caniza. Degustacións, Concurso Nacional de Cortadores de Xamón, o desfile da Comitiva , pasarrúas, música tradicional galega e grandes actuacións musicais crean o ambiente perfecto para compartir, celebrar e gozar en familia. Unha festa para saborear, sentir e lembrar!

E xa que vés a A Caniza, aproveita para descubrir todo o que este destino ten preparado para ti. Déixate sorprender polo espectacular Miradoiro ao Universo de Montouto, percorre o Camiño entre Abadías e conecta coa natureza, a historia e o patrimonio dunha terra chea de encanto.

Senta á mesa e déixate conquistar polo auténtico cocido cañicense, acompañado dos excelentes viños da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Porque aquí cada recuncho ten unha historia e cada prato, un sabor que invita a volver.



Marca a data: 15 de agosto de 2027. A Cañiza agárdate coa súa 61ª Festa do Xamón!

Ven coa familia, reúne os amigos e prepárate para vivir unha experiencia única na comarca . Descubre a nosa terra, brinda polas nosas tradicións e goza dunha festa que leva xeracións conquistando .

A Caniza: "Adéntrate en Galicia" e o noso lema. O sabor que nos une, a festa que nos fai volver. Este agosto, o plan está servido!

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO



O Concello de **Vilariño de Conso**, situado no corazón do Macizo Central ourensán, é un lugar onde a natureza, a tradición e a autenticidade se unen para ofrecer unha experiencia única.

As nosas paisaxes, a riqueza do noso patrimonio e a hospitalidade da nosa xente fan deste municipio un destino ideal para descubrir a esencia do rural galego. As montañas, os bosques e os costumes ancestrais forman parte dunha identidade que conservamos con orgullo e que queremos compartir con todos os que nos visitan.



A **nosa gastronomía** é un dos nosos grandes sinais de identidade. Entre os produtos máis representativos destacan o cabrito e o cordeiro, carnes que evocan a tradición gandeira da zona; as castañas, froito emblemático dos nosos soutos. A estes produtos súmanse os doces tradicionais, como o montonico, a bica, e os sabores auténticos do mel, da androlla e dos chourizos, elaborados mantendo o saber facer transmitido de xeración en xeración.

Cada produto conta unha historia, reflicte o traballo das persoas que viven e coidan esta terra e representa a calidade e a autenticidade da nosa cultura gastronómica.

Desde o Concello de Vilariño de Conso queremos poñer en valor os nosos recursos naturais, culturais e gastronómicos, apoiar aos produtores locais e dar a coñecer a riqueza do noso municipio.



Vilariño de Conso: un territorio para descubrir, uns sabores para lembrar e unhas tradicións que merece a pena compartir.


A RÚA
#Todoestáaquí


CONCELLO DE TOÉN
Toén Porta do Ribeiro
www.toen.es


Concello de Cenlle
Ven relaxarte en Cenlle ...
... máis preto do que pensas
RELAX, PAISAXES, TERMALISMO E O MELLOR VIÑO


Concello de Pantón
Concello de Pantón
Praza do Concello - Lugo
Tfno.: 982 45 60 05
Fax: 982 45 65 62
www.concellodepanton.es

AGRO 2027: los sabores de la tradición vuelven a encontrarse en Braga





